

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac8781006973934736055.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 73-2024 Modificación anexo Plan de investimentos

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 73-2024, PARA MODIFICACIÓN DO ANEXO DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2024 CO OBXECTO DE DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA O NÚCLEO RURAL DE SEGADE A RUADE NA PARROQUIA DE TEIXEIRO”, incluída no programa AGADER 24-25

Visto o expediente tramitado para Modificación do anexo do Plan de Investimentos, por un importe total de 2.925,48 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución do orzamento, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da certificación Liquidación da obra ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA O NÚCLEO RURAL DE SEGADE A RUADE NA PARROQUIA DE TEIXEIRO, incluída no programa AGADER 24-25

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal do 20.12.2024.

Tendo en conta que as alteracións propostas non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria, tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*“A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria**. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía.”*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía,

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac8781006973934736055.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 73-2024 Modificación anexo Plan de investimentos

en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2024 por un importe global de 2.925,48 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24XX00036 (Investimentos zona rural) Aplicación orzamentaria 45910.60900	2.925,48 €	24XX00035 (AGADER) Aplicación orzamentaria 45910.60900	2.925,48 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	2.925,48 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	2.925,48 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.